

Segunda circular

(24 de maio do 2016)

Logo dun período intenso de reformulacións e fusións das propostas enviadas, informámosvos da relación final de mesas-taller aceptadas para o *VI Encontro Internacional de mozos investigadores en Historia Contemporánea*.

Anunciamos que a data límite de entrega das **propostas de comunicación** será o próximo **15 de setembro do 2016**. A extensión das mesas non excederá das cen palabras (no noso blog, sección “descargas”, atoparedes a pantalla para o seu envío: <https://historiazgz2017.com/descargas/>). Deberán ser enviadas tanto ás coordinadoras e coordinadores da mesa-taller como ao Comité Organizador (joveneshistoria2017@gmail.com). O prazo límite para que os coordinadores e as coordinadoras comuniquen á organización e comunicantes cales son as aceptadas conclúe o 15 de novembro do 2016.

En canto aos **Scriptoria**, o prazo de recepción continúa aberto e os xa recibidos poden consultarse no noso blog, facendo clic na sección “Scriptoria” (<https://historiazgz2017.com/scriptoria/>). Lémbrese que os Scriptoria están abertos á participación de calquera investigador ou investigadora que se queira sumar aos mesmos.

As propostas de comunicación poderán ser redactadas en calquera das linguas cooficiais do Estado español, así como en inglés e francés.

Durante o desenvolvemento das mesas-taller non terá lugar a tradicional ronda de exposicións individuais. No seu lugar, e seguindo os valores deste encontro, o equipo coordinador deberá elaborar un dossier cos eixos principais das comunicacións da mesa para facilitar o debate. Por último, lembramos aos coordinadores que o número máximo de comunicacións por mesa será de quince.

A continuación ofertamos a relación de diferentes mesas-taller seleccionadas. Para información máis precisa sobre cada unha váiase á sección “Mesas” do citado blog (<https://historiazgz2017.com/mesas/>).

Un cordial saúdo,

O Comité Organizador.

LISTADO DE MESAS

Mesa 1: Medios de comunicación social e literatura. Unha aproximación interdisciplinaria

Mesa 2: Movements poboacionais na contemporaneidade

Mesa 3: Sociedades labregas en transformación. Un século de crises, conflictividade e cambios no sur europeo (1890-1986)

Mesa 4: Novos retos no estudo do Fascismo

Mesa 5: Relacións internacionais entre Europa e América

Mesa 6: Identidades, nacionalización e relixión no mundo contemporáneo

Mesa 7: Pensar o Estado, imaxinar a Nación: culturas políticas en conflito no século XIX

Mesa 8: Feminismo e Historia

Mesa 9: Os oficios da Historia na Europa contemporánea (ss. XIX e XX)

Mesa 10: Como pensar os problemas históricos concretos? Historia e cambio social

Mesa 11: Transformacións da ditadura á democracia no século XX

Mesa 12: Historia oral e fontes documentais

Mesa 13: O curto século XX? Experiencias de mozos investigadores dende (e cara) un novo século

Mesa 14: Orde público, acción colectiva e violencia política nas democracias de entre-guerras

Mesa 15: A eclosión da dimensión urbana: historia social e cultural da cidade